



**CIRCULAR 10/2006 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE DETERMINAN AS TITULACIÓNS MÍNIMAS ESIXIBLES PARA A IMPARTICIÓN DAS ENSINANZAS REGRADAS DE MÚSICA NOS CONSERVATORIOS DE MÚSICA NON DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E NOS CENTROS AUTORIZADOS.**

O artigo 19.2 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas, dispón que o profesorado de centros de ensino de música deberá acreditar a cualificación específica para impartir as áreas e materias respectivas. A estes efectos, segue a establecer, o Ministerio de Educación e Ciencia, previa consulta coas Comunidades Autónomas, determinará a concordancia das titulacións coas distintas áreas e materias.

Ao longo do tempo transcorrido, o Ministerio de Educación e Ciencia non chegou a publicar unha norma básica que determine as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música.

A presenza na Comunidade Autónoma de Galicia dunha importante rede de centros regrados de música de titularidade municipal, así como a existencia de centros autorizados, aconsellan que esta Dirección Xeral, ao abeiro das funcións que ten encomendadas sobre a planificación das ensinanzas de réxime especial, determine, en tanto o Ministerio de Educación e Ciencia non promulgue a preceptiva norma básica, as disposicións necesarias para garantir a acreditación por parte do profesorado destes centros da súa cualificación profesional.

Xa que logo, a presente circular establece dun xeito provisional a correspondencia entre as materias que configuran as ensinanzas regradas de música, establecidas no Decreto 253/1993, do 29 de xullo (DOG do 25 de outubro) polo que se establece o currículo dos graos elemental e medio, coas titulacións ás que fai referencia o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Asemade, para a elaboración da presente circular tívose en conta o Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen as equivalencias entre os títulos de Música anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os establecidos en dita lei.

En consecuencia, no anexo á presente circular establécense as titulacións que deberá posuir o profesorado para a impartición das ensinanzas regradas de música nos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como nos centros autorizados.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2006

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS



Antonio Vázquez Vázquez

**ANEXO**

<b>Materia</b>	<b>Titulacións preferentes (indistintamente)</b>	<b>Outras titulacións (indistintamente)</b>
<i>Acompañamento</i>	-Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Piano. -Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Acordeón</i>	-Título Superior de Acordeón. -Profesor Superior de Acordeón ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Análise</i>	-Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade.	-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade.
<i>Audicións comentadas</i>	-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Musicoloxía. -Profesor Superior de Musicoloxía.	
<i>Canto</i>	-Título Superior de Canto. -Profesor Superior de Canto ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Clave</i>	-Título Superior de Clave. -Profesor Superior de Clave ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Clarinete</i>	-Título Superior de Clarinete. -Profesor Superior de Clarinete ou Profesor da mesma especialidade.	-Título Superior de Saxofón. Profesor Superior de Saxofón ou Profesor da mesma especialidade (*)
<i>Contrabaixo</i>	-Título Superior de Contrabaixo. -Profesor Superior de Contrabaixo ou Profesor da mesma especialidade.	-Profesor Superior de Violoncello ou Profesor da mesma especialidade (*)



<i>Coro</i>	-Título Superior de Dirección de Coro. -Profesor Superior de Dirección de Coros.	-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade. -Profesor Superior de Dirección de Orquestra. -Título Superior de Canto. -Profesor Superior de Canto ou Profesor da mesma especialidade. -Profesor Superior de Música Sacra.
<i>Conxunto</i>	-Título Superior de Instrumentos da música tradicional e popular.	-Profesor Superior dunha especialidade instrumental ou Profesor da mesma especialidade, máis o Título Profesional de Gaita.
<i>Fagot</i>	-Título Superior de Fagot. -Profesor Superior de Fagot ou Profesor da mesma especialidade.	-Título superior de Oboe. -Profesor Superior de Oboe ou Profesor da mesma especialidade. (*)
<i>Frauta</i>	-Título Superior de Frauta. -Profesor Superior de Frauta ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Fundamentos de composición</i>	-Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento. -Título Superior de Musicoloxía. -Profesor Superior de Musicoloxía. -Profesor Superior de Música Sacra. -Título Superior de Dirección de Orquestra. -Profesor Superior de Dirección de Orquestra. -Título Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Pedagogía Musical.
<i>Gaita</i>	-Título Superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular.	-Profesor Superior dunha especialidade instrumental ou Profesor da mesma especialidade, máis o Título Profesional de Gaita.
<i>Guitarra</i>	-Título Superior de Guitarra. -Profesor Superior de Guitarra ou Profesor da mesma especialidade.	
<i>Harmonía</i>	-Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento.



		<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Música Sacra.</li> <li>-Título Superior de Dirección de Orquestra.</li> <li>-Profesor Superior de Dirección de Orquestra.</li> <li>-Título Superior de Dirección de Coros.</li> <li>-Profesor Superior de Dirección de Coros.</li> <li>-Profesor Superior de Pedagogía Musical.</li> </ul>
<b>Harpa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Harpa.</li> <li>-Profesor Superior de Harpa ou Profesor da mesma especialidade</li> </ul>	
<b>Historia da música</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Musicoloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Licenciado en Xeografía e Historia (Sección: Historia da Música).</li> <li>-Licenciado en Historia e Ciencias da Música.</li> </ul>
<b>Instrumentos de púa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Instrumentos de Púa</li> <li>-Profesor Superior de Bandurra ou Profesor da mesma especialidade.</li> <li>-Profesor Superior de Mandolina ou Profesor da mesma especialidade.</li> <li>-Profesor Superior de Laud ou Profesor da mesma especialidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Profesor Superior de Guitarra ou Profesor da mesma especialidade. (*)</li> </ul>
<b>Linguaxe musical</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical.</li> <li>-Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Composición.</li> <li>-Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación.</li> <li>-Título Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Música Sacra.</li> <li>-Título Superior de Dirección de Orquestra.</li> <li>-Profesor Superior de Dirección de Orquestra.</li> <li>-Título Superior de Dirección de Coros.</li> <li>-Profesor Superior de Dirección de Coros.</li> <li>-Profesor Superior de Pedagogía Musical.</li> </ul>
<b>Música activa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical.</li> <li>-Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Título Superior de Composición.</li> <li>-Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación.</li> <li>-Título Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Musicoloxía.</li> <li>-Profesor Superior de Música Sacra.</li> <li>-Título Superior de Dirección de Orquestra.</li> <li>-Profesor Superior de Dirección de Orquestra.</li> </ul>



		-Título Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Pedagogía Musical.
<b>Música de cámara</b>	-Profesor Superior de Música de Cámara. -Título superior de Dirección de Orquestra. -Profesor Superior de Dirección de Orquestra.	-Profesor Superior ou Profesor de calquera especialidade instrumental, agás Canto
<b>Oboe</b>	Título Superior de Oboe. Profesor Superior de Oboe ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Fagot. -Profesor Superior de Fagot ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b>Organo</b>	-Título Superior de Órgano. -Profesor Superior de Organo ou Profesor da mesma especialidade	
<b>Percusión</b>	-Título Superior de Percusión. -Profesor Superior de Percusión ou Profesor da mesma especialidade	
<b>Orquestra</b>	-Título Superior de Dirección de Orquestra. -Profesor Superior de Dirección de Orquestra.	-Título Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Dirección de Coros. -Profesor Superior de Música de Cámara. -Título Superior ou Profesor Superior de calquera especialidade, agás: Acordeón, Piano, Guitarra, Canto, Instrumentos de Púa e Instrumentos da música tradicional
<b>Piano</b>	-Título Superior de Piano. -Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade.	
<b>Piano Complementario</b>	-Título Superior de Composición. -Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Pedagogía da Linguaxe Musical. -Profesor Superior de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento ou Profesor da mesma especialidade. -Título Superior de Piano. -Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade.	
<b>Saxofón</b>	-Título Superior de Saxofón. -Profesor Superior de Saxofón ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Clarinete. -Profesor Superior de Clarinete ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b>Trombón</b>	-Título Superior de Trombón. -Profesor Superior de Trombón ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Trombón. -Profesor Superior de Tuba ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b>Trompa</b>	-Título Superior de Trompa. -Profesor Superior de Trompa ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Trompa. -Profesor Superior de Trompeta ou Profesor da mesma especialidade (*)



<b><i>Trompeta</i></b>	-Título Superior de Trompeta. -Profesor Superior de Trompeta ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Trompeta. -Profesor Superior de Trompa ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b><i>Tuba</i></b>	-Título Superior de Tuba. -Profesor Superior de Tuba ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Tuba. Profesor Superior de Trombón ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b><i>Viola</i></b>	-Título Superior de Viola. -Profesor Superior de Viola ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Viola. Profesor Superior de Violín ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b><i>Violín</i></b>	-Título Superior de Violín. Profesor Superior de Violín ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Violín. -Profesor Superior de Viola ou Profesor da mesma especialidade (*)
<b><i>Violoncelo</i></b>	-Título Superior de Violoncello. Profesor Superior de Violoncello ou Profesor da mesma especialidade	-Título Superior de Violoncello. -Profesor Superior de Contrabaixo ou Profesor da mesma especialidade (*)

(\*) Só nos conservatorios elementales ou nos conservatorios profesionais cando se refira á impartición do grao elemental.